



**PLAN DE IGUALDADE
2019/2020**



PLAN DE IGUALDADE IES DE PORTO DO SON

2019-2020

PLAN DE IGUALDADE IES DE PORTO DO SON

1.- INTRODUCCIÓN. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

2.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO

LEY ORGÁNICA 1/2004, DE 28 DE DICIEMBRE, DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO.

LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

LEI ORGÁNICA 3/2007, DE 22 DE MARZO, PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES.

I PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA 2016-2020

INSTRUCCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE NO CURSO 2019/2020

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO

DESCRIPCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO

IGUALDADE DE XÉNERO

VIOLENCIA DE XÉNERO

LGBTI FOBIA.

ENQUISAS ALUMNADO

ENQUISAS PERSOAL DOCENTE

ANÁLISE DA COMPOSICIÓN DO PROFESORADO E DO ALUMNADO

ANÁLISE DOS MATERIAIS DIDÁCTICOS

ANÁLISE DAS FICHAS DE OBSERVACIÓN DA LINGUAXE

ANÁLISE DO USO DOS ESPAZOS DO CENTRO

4.- PRINCIPIOS ORIENTADORES E OBXECTIVOS

4.1.- PRINCIPIOS ORIENTADORES

a.- OBXECTIVOS XERAIS

b.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

ÁMBITO DA FORMACIÓN E DA SENSIBILIZACIÓN

ÁMBITO DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN

ÁMBITO DOS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

ÁMBITO DOS ESPAZOS

ÁMBITO DE RELACIÓN CO EXTERIOR

ÁMBITO DA FORMACIÓN E A SENSIBILIZACIÓN

ÁMBITO DOS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

ÁMBITO DOS ESPAZOS

ÁMBITO DA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO



ÁMBITO DE RELACIÓN CO EXTERIOR

5.- FERRAMENTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

DOCUMENTOS OFICIAIS DO CENTRO

COORDINADORA DE IGUALDADE

COMISIÓN DE IGUALDADE

CONCRECIÓNS CURRICULARES

BIBLIOTECA ESCOLAR

WEB

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7. GLOSARIO

1.- INTRODUCCIÓN. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

“Enténdese por Educación en Igualdade a ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral. Este plan de igualdade está concibido, por tanto, co fin de facilitar a introdución da perspectiva de xénero de modo transversal en todos os contidos, espazos, relacións etc, que se desenvolven no noso centro educativo.”

Cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa estean a funcionar no centro.

OBRIGATORIAS (segundo a lexislación vixente): nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. (Adiado á seguinte reunión, acordo coas alumnas representantes no consello escolar de revisar con elas este plan).

Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero.

Concreción dos obxectivos coeducativos nos dos plans do centro.

Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.

Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero. concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.

Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero. realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

2.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO



LEY ORGÁNICA 1/2004, DE 28 DE DICIEMBRE, DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO.

Medidas no ámbito educativo.

“En la Educación Secundaria se incorpora la educación sobre la igualdad entre hombres y mujeres y contra la violencia de género como contenido curricular, incorporando en todos los Consejos Escolares un nuevo miembro que impulse medidas educativas a favor de la igualdad y contra la violencia sobre la mujer.”

CAPÍTULO I En el ámbito educativo

Artículo 4. Principios y valores del sistema educativo.

4. La Educación Secundaria Obligatoria contribuirá a desarrollar en el alumnado la capacidad para relacionarse con los demás de forma pacífica y para conocer, valorar y respetar la igualdad de oportunidades de hombres y mujeres.

5. El Bachillerato y la Formación Profesional contribuirán a desarrollar en el alumnado la capacidad para consolidar su madurez personal, social y moral, que les permita actuar de forma responsable y autónoma y para analizar y valorar críticamente las desigualdades de sexo y fomentar la igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres.

LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Título V. Capítulo III. Artículo 127.

Competencias del Consejo Escolar.

g) *Proponer medidas e iniciativas que favorezcan la convivencia en el centro, la igualdad entre hombres y mujeres, la igualdad de trato y la no discriminación por las causas a que se refiere el artículo 84.3 de la presente Ley Orgánica, la resolución pacífica de conflictos, y la prevención de la violencia de género*

LEI ORGÁNICA 3/2007, DE 22 DE MARZO, PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES.

Artículo 23. La educación para la igualdad de mujeres y hombres.

El sistema educativo incluirá entre sus fines la educación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y en la igualdad de derechos y oportunidades entre mujeres y hombres.

Asimismo, el sistema educativo incluirá, dentro de sus principios de calidad, la eliminación de los obstáculos que dificultan la igualdad efectiva entre mujeres y hombres y el fomento de la igualdad plena entre unas y otros.

Artículo 24. Integración del principio de igualdad en la política de educación.

1. *Las Administraciones educativas garantizarán un igual derecho a la educación de mujeres y hombres a través de la integración activa, en los objetivos y en las actuaciones educativas, del principio de igualdad de trato, evitando que, por comportamientos sexistas o por los estereotipos sociales asociados, se produzcan desigualdades entre mujeres y hombres.*

2. *Las Administraciones educativas, en el ámbito de sus respectivas competencias, desarrollarán, con tal finalidad, las siguientes actuaciones:*

a) *La atención especial en los currículos y en todas las etapas educativas al principio de igualdad entre mujeres y hombres.*

b) *La eliminación y el rechazo de los comportamientos y contenidos sexistas y estereotipos que supongan discriminación entre mujeres y hombres, con especial consideración a ello en los libros de texto y materiales educativos.*



- c) *La integración del estudio y aplicación del principio de igualdad en los cursos y programas para la formación inicial y permanente del profesorado.*
- d) *La promoción de la presencia equilibrada de mujeres y hombres en los órganos de control y de gobierno de los centros docentes.*
- e) *La cooperación con el resto de las Administraciones educativas para el desarrollo de proyectos y programas dirigidos a fomentar el conocimiento y la difusión, entre las personas de la comunidad educativa, de los principios de coeducación y de igualdad efectiva entre mujeres y hombres.*
- f) *El establecimiento de medidas educativas destinadas al reconocimiento y enseñanza del papel de las mujeres en la Historia.*

PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA 2016-2020

INSTRUCCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE NO CURSO 2019/2020

Instrucións para o curso 2019/2020, que serán de aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de nivel non universitario.

- *carácter básico de obrigado cumprimento*
- *principios de valores democráticos: coeducación*
- *transversalidade: perspectiva de xénero*
- *inclusión: non discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual*
- *igualdade de oportunidades e visibilidade: construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades*

A inspección educativa supervisará este plan para verificar a súa adecuación ao establecidas nestas instrucións

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO

3.1. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO

- Nome: IES de Porto do Son - Código: 15027691

Enderezo Postal: As Laxes, 18, Porto do Son 15970, A Coruña

Tf: 881866707 Fax: 881866709

E-mail: ies.porto.son@edu.xunta.es

- Desde o curso 2010, o instituto cifra a súa matrícula en 400 alumnos/as, arriba ou abaixo; e nesta situación seguirá, segundo as previsións, durante 3 cursos á espera dos efectos da crise económica na natalidade. Advertir que, se ben o alumnado é



estable, de 6 anos para aquí o profesorado mingouo nun 20%. A relación entre as dúas variables pode verse nesta gráfica.



- O IES conta cun ciclo formativo de grado medio “Actividades físico-deportivas no medio natural”, que acredita a técnicos para guía de grupos a pé, en bicicleta ou a cabalo en rutas ata media montaña. O alumnado do ciclo é na súa maioría maior de idade. Cobre prazas todos os cursos. Participa en moitas actividades do IES. Son moi importantes as sinerxias que se crean entre as actividades do alumnado do ciclo e o de ESO na guía de rutas educativas. É importante subliñar a relación que o ciclo tece entre o IES e o seu territorio xeográfico e sociocultural.
- É un centro cunha conflictividade baixa, cultural e lingüisticamente máis uniforme que diverso. O ambiente de traballo é bo, a comunicación entre alumnado e profesorado é fluída, e os resultados académicos mellorables. Ten destacado, tanto por iniciativas individuais como por proxectos de centro, na innovación educativa, polo que lle foron concedidos diversos premios. Actualmente tenta aproximarse a aprendizaxe baseada en proxectos ABP no 1º ciclo da ESO, en ámbitos limitados do currículo, e participa nas diversas convocatorias da Consellería: Plan Proxecta; Contratos Programa; PLANBE, ESPAZO MAKER, RADIO NA BIBLIOTECA, etc.Web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/>

3.2. IGUALDADE DE XÉNERO, VIOLENCIA DE XÉNERO, LGBTI FOBIA.

No PE recolleemos como principios do IES, entre outros:

Respecto. Convivencia.

Debe ser o eixo central da nosa conduta: respecto por un mesmo; respecto polos bens materiais que serven á comunidade escolar; respecto polo patrimonio cultural da comunidade, polas materias de estudo e os diversos saberes que transmitimos; respecto polo entorno natural; respecto polas persoas tanto o alumnado, como o profesorado, como o persoal non docente, como as familias. Somos persoas libres que medramos xuntos, que aprendemos xuntos dos erros e do traballo para ser soberanos, é dicir, autónomos e donos das nosas decisións. Queremos un centro que guíe todas as súas actuacións desde o respecto aos dereitos humanos e o principio de convivencia democrática.



Liberdade, responsabilidade e xustiza.

Queremos un centro que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade e a xustiza. E nada de todo isto se conseguirá sen traballar nunha liberdade real; sen facernos responsables da xestión diaria das accións formativas; sen artellar redes de solidariedade; sen organizar grupos de promoción da igualdade; sen comprometer nos en comunidades de resolución de conflitos que induzan á responsabilización ante a comunidade e non á vixilancia do superior, que propoñan as accións correctivas xustas, enfiadas a educar e non a castigar.

Interculturalidade. Coeducación.

No noso IES hai alumnos de México, Perú, Marrocos, Madagascar... Consideramos a interculturalidade como un valor e como unha estratexia para coñecer, respectar e aprender a vivir con outras e noutras culturas. Queremos un centro que impulse as relacións igualitarias e que eduque no rexeitamento a toda forma de discriminación e violencia de xénero.

Inclusividade, equidade.

Queremos un centro educativo que teña como referente ético primordial o valor da dignidade humana, sen desprezos, abusos, mofas, humillacións nin autoritarismos. Un centro que acolla e coide de todas as persoas da comunidade escolar, sexa cal for a súa condición, e as axude a desenvolver as súas propias capacidades. Protexeremos a igualdade de oportunidades co apoio específico necesario, tanto na atención á diversidade do alumnado, como na facilitación de medios materiais, cando isto sexa posible.

Na próxima revisión do PE é necesario incluír, algún apartado máis específico que sustente de maneira máis explícita o que desenvolven na actualidade as NOF e o Plan de Convivencia de forma inclusiva pero máis xenérica do aconsellable. Onde quizais se desenvolva mellor e de xeito máis práctico a realidade da coeducación etc, é no Plan de Acción Titorial.

3.3. ENQUISAS

É preciso desenvolver unha serie de enquisas que afecten atoda a comunidade educativa: ALUMNADO; ENQUISAS PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE; FICHAS DE OBSERVACIÓN DA LINGUAXE.

Hai na rede diversos exemplos que se poden utilizar pero que debemos adaptar á nosa realidade, p.e.: no noso concello é habitual que o seguimento escolar dependa das nais, a miúdo os pais están embarcados por períodos longos. P.e.: o traballo de limpeza e de coidados faise exclusivamente por mulleres, as limpadoras e a coidadora, como se isto fose unha realidade inexorable. P.e.: hai certa tendencia a que ocupen cargos directivos os varóns, de feito, si ten habido vicedireccións e secretarías ocupadas por mulleres, pero nunca xefatura de estudos ou dirección. Que en 25 anos isto sexa o que sucede debería facernos pensar, toda vez que o claustro é maioritariamente masculino. Aínda que as actitudes entre o alumnado son normais, sen saber moi ben como definiríamos a normalidade, si se observa certa laxitude cos micromachismos, tanto en boca de mulleres ou de homes, e certo desapego sobre a necesidade de comprender a persoa diferente. En xeral, o que parece darse é un consentimento superficial da diferenza, ou unha tolerancia indiferente que non procura o encontro sincero e profundo co outro. É imprescindible que ao estudo cuantitativo o acompañe o estudo cualitativo, de aí que tan importante como as enquisas sexan a elaboración de fichas, rubricas, e encontros libres onde se podan recoller opinións e actitudes diversas. Quizais nos

soprendería a distancia entre o que se tende a contestar de xeito politicamente correcto nunha enquisa, e a manifestación libre nun diálogo entre iguais.

3.4. ANÁLISE

Por outra parte, é precisa a composición dun grupo de alumnas/profesoras/persoal de administración e subalterno/ nais e pais que dea conta da realidade da composición dos colectivos do IES e do uso do espazo por eses colectivos. En realidade trátase de facer unha descrición etnográfica de como transcorre a vida nos espazos e nos tempos do IES e dos seus lugares de vida (aldeas, vilas...), como habitamos o IES e como, dentro dos diversos espazos, os grupos se relacionan entre si: como se forman; que valores acollen; como condicionan a vida do alumnado; como son as relacións entre os adolescentes nestes grupos; que pasa nas familias; como se transmite a ideoloxía de xénero (a negación da mesma é outra ideoloxía máis); et.. O roteiro de tal análise é tarefa deste curso. De maneira que este plan é máis un desiderato provisorio, ou unha folla de ruta, que debe conducir á súa reformulación no curso que ven. En calquera caso tal análise debe tocar alomenos estes aspectos: DA COMPOSICIÓN DO PROFESORADO; DO ALUMNADO; OS GRUPOS DE AFINIDADES E OS VALORES QUE PROMOVEN; DOS MATERIAIS DIDÁCTICOS; DO USO DOS ESPAZOS FÍSICOS; DO USO DOS ESPAZOS VIRTUAIS WEB E XOGOS; DO MUNDO-CONSUMO ADOLESCENTE. ETC.



4.- PRINCIPIOS ORIENTADORES E OBXECTIVOS

4.1.- PRINCIPIOS ORIENTADORES

Estes Principios Orientadores son un conxunto de principios reitores nos que nos baseamos para a elaboración do Plan de Igualdade.

- Igualdade entre homes e mulleres
- Respecto dos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes
- Empoderamento
- Transversalidade na educación
- Educar na diversidade
- Corresponsabilidade
- Participación de toda a comunidade educativa (persoal do centro, docente e non docente, alumnado e familias).
- Resolución pacífica de conflitos

4.2.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

a.- OBXECTIVOS XERAIS

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente.
- Educar en igualdade afastándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de identidade de xénero ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel de todas as persoas nunha contorna igualitaria.
- Velar porque o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Fomentar a corresponsabilidade no ámbito doméstico.
- Previr, sensibilizar e actuar ante actitudes e situacións de acoso.
- Actuar en casos de sospeita ou certeza de violencia de xénero.

b.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

→ ÁMBITO DA FORMACIÓN E DA SENSIBILIZACIÓN

- É imprescindible que o profesorado estea formado e sensibilizado sobre a desigualdade de xénero na sociedade, e ao que esta leva.
- Promover a formación e as actividades de sensibilización entre o profesorado no tema da igualdade de xénero.
- Facilitar material teórico e práctico en igualdade de xénero para a consulta de toda a comunidade educativa: persoal, alumnado e familias.



→ ÁMBITO DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN

- As persoas representamos o mundo a través da linguaxe. Se non nomeamos ás mulleres, estas quedan ocultas na mensaxe e na realidade. O uso do masculino xenérico ademais de ter unha función de economía da linguaxe, posúe unha función xerárquica. Se queremos usar unha linguaxe que transmita valores de igualdade e equidade debemos nomear todas as realidades.
- Sensibilizar ao profesorado e ao alumnado do centro na importancia do uso dunha linguaxe non sexista e inclusivo.
- Potenciar a linguaxe inclusiva nos documentos oficiais, na correspondencia e na cartalaría.
- Fomentar a linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais.

→ ÁMBITO DOS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O papel das mulleres na historia e en todas as materias, apenas está recollido nos libros de texto no currículo, a pesar de que as súas achegas son moitas.

O profesorado descoñece a historia das mulleres polo que mantén e transmite a idea de que só os homes a protagonizaron.

Por iso, non debemos quedarnos na simple celebración de efemérides como o 8 de marzo ou o 25 de novembro. Debemos ofrecer ao alumnado referentes masculinos e femininos positivos que lles permitan construírse un imaxinario colectivo igualitario.

Así mesmo, os estereotipos sexistas impiden e limitan o pleno desenvolvemento intelectual, emocional, físico e social do alumnado, xa que lles ofrecen unha visión moi restrinxida do que poden chegar a ser

- Fomentar o uso de material didáctico non sexista.
- Visibilizar en todos os ámbitos académicos as achegas das mulleres ao desenvolvemento da humanidade. evitando unha visión androcéntrica do mundo.
- Facilitar ao profesorado material alternativo que responda a criterios coeducativos.
- Reflexionar sobre os roles de xénero nas posibilidades de desenvolvemento persoal, profesional, etc

→ ÁMBITO DOS ESPAZOS

Tal como puidemos observar no diagnóstico os mozos ocupan os espazos centrais e máis visibles do centro e realizan actividades xeralmente máis físicas, as mozas ocupan bancos e escaleiras, lugares tranquilos, e normalmente menos visibles.

Os espazos do instituto non deben segregar por razóns de xénero ou identidade sexual.

Segundo a normativa vixente o alumnado transxénero terá dereito a utilizar o aseo co que se identifique, con todo, en moitas ocasións poden producirse situacións de discriminación.



A Asociación de Familias de Menores Transexuais alerta dos inconvenientes e o malestar que xera no alumnado trans a distinción por razón de sexo dos aseos.

Aínda que actualmente no noso centro educativo non coñecemos a existencia de alumnado transexual, si consideramos que se debe actuar, na medida do posible, de maneira preventiva.

- Asegurar a repartición equitativa para o uso e goce de espazo comúns.
- Garantir que os espazos escolares non segreguen por razóns de xénero nin de identidade sexual.
- Ámbito da resolución de conflitos e prevención da violencia de xénero.
- A violencia de xénero é a máxima expresión da discriminación por razón de xénero. Desde o centro educativo entendemos a Educación como elemento de loita contra a violencia de xénero.
- Fomentar formas de estar e vivir baseadas no respecto, o diálogo e a necesidade de coidarnos unhas persoas a outras.
- Traballar na prevención e actuar en situacións de violencia.

→ ÁMBITO DE RELACIÓN CO EXTERIOR

O centro educativo debe mostrarse aberto a canto suceda ao seu ao redor xa que lle afecta. Pero tamén, todo aquilo que ocorre dentro do centro escolar pode repercutir nas persoas, institucións, ou outros centros escolares da súa contorna.

O centro pode ser entendido como núcleo transformador da súa contorna. Transmitindo a perspectiva de xénero ás familias e institucións estamos a transformar a sociedade.

- Exportar os valores de igualdade e de respecto pola diversidade afectivo-sexual á contorna social do instituto.
- Incluír nos principios de identidade do noso centro educativo o empeño pola igualdade e a non discriminación.

→ ÁMBITO DA FORMACIÓN E A SENSIBILIZACIÓN

- Organización de seminarios ou grupos de traballo sobre Educación en Igualdade.
- Posta a disposición do profesorado de material formativo en cuestións de xénero desde a Biblioteca.
- Ámbito da linguaxe e a comunicación.
- Revisión e modificación de documentos oficiais do centro utilizando unha linguaxe inclusivo.
- Revisión e modificación das comunicacións das familias utilizando unha linguaxe inclusivo.
- Difusión dunha guía de linguaxe non sexista entre o profesorado e o persoal non docente do centro.

→ ÁMBITO DOS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS



- Revisión e análise crítica da presenza de estereotipos e roles de xénero nos materiais que se utilizan na aula.
- Revisión e elaboración do Proxecto Curricular e Programacións Didácticas, facendo visible a cultura feminina nos contidos e compensando as discriminacións por motivos de xénero.
- Introducción da perspectiva de xénero á hora de elaborar ou seleccionar material didáctico.
- Denuncia daqueles materiais didácticos que presenten rumbos sexistas ou discriminatorios.
- Celebración de efemérides (8 de marzo, 25 novembro, 11 febreiro, 18 outubro, por exemplo)
- Realización de actividades extraescolares e complementarias.

→ *ÁMBITO DOS ESPAZOS*

- Ofrecer ao alumnado uns espazos que non segreguen por razón de xénero
- Dinamización dos recreos. Proposta de actividades por parte do alumnado e do profesorado para a realización ao longo do curso.

→ *ÁMBITO DA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO*

- Elaboración dun protocolo de prevención, detección e intervención para o tratamento de problemas de convivencia e especialmente antes casos de violencia sexista.
- Exposición de carteis co número de atención a vítimas de violencia de xénero.
- Actividades sobre novos modelos de masculinidade e cambios sociais nos roles tradicionais.
- Actividades sobre violencia de xénero.

→ *ÁMBITO DE RELACIÓN CO EXTERIOR*

- Implicación das familias con difusión de información e celebración de actividades.
- Colaboración co AMPA
- Colaboración coas administracións locais na confección dunha oferta de actividades formativas e informativas.
- Implicación das administracións locais para que os establecementos públicos das administracións dispoñan duns espazos que non segreguen por razón de xénero e garantan a intimidade persoal.
- Difusión do noso Plan de Igualdade.
- Actividades e xornadas de intercambio de experiencias con outros centros.



5.- FERRAMENTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

DOCUMENTOS OFICIAIS DO CENTRO

- Os documentos oficiais son o esqueleto que vertebra as accións que se realizan no instituto. Debemos introducir a perspectiva de xénero á hora de elaborar o ideario do centro.
 - PE (a Educación en Igualdade de xénero é un dos obxectivos do centro)
 - Proxectos curriculares (visibilizar as achegas das mulleres ao desenvolvemento da humanidade)
 - Plan de Acción Titorial
 - Plan de Convivencia

COORDINADORA DE IGUALDADE

- O seu labor será a de coordinar a Comisión de Igualdade e axudar a implementar o Plan de Igualdade no centro.

COMISIÓN DE IGUALDADE

- Composto por persoas de todos os sectores da comunidade educativa. Outorgando unha dimensión integral ao proxectóno que todo o mundo poida chegar e opinar. Conveniar FCT de Grao Superior en Promoción de Igualdade de Xénero.

CONCRECIÓNS CURRICULARES

- A aplicación da perspectiva de xénero ás programacións de aula é imprescindible para evitar transmitir unha visión androcéntrica do mundo. O currículo de cada materia delimita o que ha de ser ensinado, aprendido e avaliado polo que debe ser inclusivo, integrador e igualitario.

BIBLIOTECA ESCOLAR

- A biblioteca pode ser o punto de referencia de recursos bibliográficos e multimedia.

WEB

- Debemos servirmos da web para difundir as nosas actividades.

6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

A avaliación do Plan de Igualdade pódese levar a cabo cada curso escolar por parte da Comisión de Igualdade ou a Coordinadora de Igualdade coas achegas de toda a Comunidade Educativa.

Con esta avaliación preténdese determinar o grao de consecución dos obxectivos xerais que se estableceron.

- Realizaranse dous tipo de avaliacións:
 - Avaliación intermedia/continua.
 - Avaliación final.

- As principais ferramentas que van achegar información para a realización do sistema de avaliación son as seguintes:
 - Enquisas a todos os membros da comunidade educativa.
 - Fichas de observación
 - Realización dunha memoria anual.

7. GLOSARIO

COEDUCACIÓN: É o método de intervención educativo que vai máis alo da educación mixta e cuxas bases se asintan no recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. Coeducar significa por tanto educar desde a igualdade de valores das persoas

ESTEREOTIPOS: percepción esaxerada e simplificada, que se ten sobre unha persoa ou grupo de persoas que comparten certas características, calidades e habilidades. Os estereotipos son baseados en prexuízos que a sociedade establece conforme a súa ideoloxía de «modelo a seguir» de conduta ou características físicas.

XÉNERO: refírese aos roles socialmente construídos, os comportamentos, actividades e atributos que unha sociedade dada considera apropiados para os homes e as mulleres.

«Masculino» e «feminino» son categorías de xénero. Definición OMS

SEXO: refírese ás características biolóxicas e fisiolóxicas que definen a homes e mulleres. [...] «macho» e «femia» son categorías sexuais. Definición OMS

SEXISMO: termo que refire á suposición, crenza ou convicción de que un dos dous sexos é superior ao outro. É comunmente expresado nun contexto de certos comportamentos e estereotipos tradicionais baseados no sexo, os cales resultan ser un conxunto de prácticas discriminatorias cara aos membros do suposto sexo inferior.

CISXÉNERO / CISEXUAL: (abreviado cis- ou ci-, para simplificar) é un neoloxismo e tecnicismo de orixe alemá que se usa no campo dos estudos de xénero. Fai referencia a aquelas persoas cuxa identidade de xénero concorda co xénero asignado ao nacer. O contrario de cissexual é transexual.

VIOLENCIA DE XÉNERO: A violencia de xénero é aquela que se exerce sobre as mulleres por parte de quen estean ou estivesen ligados a elas por relacións de afectividade (parellas ou ex-parellas). O obxectivo do agresor é producir dano e conseguir o control sobre a muller, polo que se produce de maneira continuada no tempo e sistemática na forma, como parte dunha mesmas estratexias.



Porto do Son, 19/10/2019



<https://convivencia.wordpress.com/2016/05/28/ies-felix-de-azara-zaragoza/>

<http://formacionprofesorado.aragon.es/biblioteca-de-recursos/formacion-para-la-coordinacion-d-e-planos-de-igualdad/>

<https://drive.google.com/file/d/0B7A1eTHTwIDwZlITeEx4aFotakdjMVh1YTJjVFFfQnNDeVFj/view>

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfty9Cwt7unZEFUPZQiiN79ACSDf7hxWbYxhVkdC7is1W3gvg/viewformembedded=true>

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdF-uEFVsvPp2lJk36BSq3Fn0qVWKQzH7ZgRhqmRkwm8_fMpQ/viewformembedded=true

<https://www.edu.xunta.gal/portaldireccion/filebrowser/download/4039>

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/plan_igualdade_20160905_def.pdf